

A SITUACIÓN DO LOBO NA PENÍNSULA IBÉRICA

Especie: *Canis lupus lupus*

Nome común: Galego: Lobo

Castelán: Lobo


Catalán: Llop

Eusquera: Otsoa

Lobo ibérico: *Canis lupus signatus*

Os individuos novos presentan xeralmente **tonalidades grisáceas** moi apagadas durante o inverno, mentres que no verán teñen unha cor **marrón escura**.

Os machos son lixeiramente maiores que as femias pero o dimorfismo apenas é apreciable.



Identificación

PEGADAS: A man anterior do macho mide 11cm de longo e 8.5cm de ancho, nos máis pequenos 4cmx4cm e nos de mediana idade 6cmx5cm. A man anterior da femia mide 7 cm de ancho e 10.5 de largo. Marcan 4 dedos coas unllas. Son moi similares ás dun can, polo que hai que ter en conta outras variables (lugar, rastro, tipo de terreo...), seguramente que se hai unha sucesión de pegadas en liña recta é dun lobo e se é máis irregular dun can.

Tamén é importante diferenciar se é unha pata dianteira ou traseira, que se poderá facer mediante a almofada intermedia. As almofadas dixitais centrais soen presentarse máis separadas e alargadas respecto ás dos cans, que tenden a cerrarse cara ó interior.

EXCREMENTOS: as feces cumpren unha función de sinalización olorosa e visual do lobo. Depositadas en lugares estratéxicos como arbustos ou carroñas... Teñen aspecto retorcido, de cor cinza ou negro, compactos ou divididos en 2 ou 3 segmentos con gran contido de pelo e ósos.

RASCADURAS: obsérvanse debaixo das feces e hai diferenzas entre adulto e xove, aparecendo as rascaduras destes últimos en series máis abertas.

CURIOSIDADES

Contrariamente ao que pode parecer, os lobos comunícanse máis pola harmonía e a integración que pola agresión, evitan os problemas.

Pese a poder alcanzar os 50 km por hora non é un animal extremadamente rápido, pero si moi resistente.

A subespecie ibérica ten un menor tamaño que os seus conxéneros de América e Asia.

Presentan unhas manchas verticais de cor escuro nas patas dianteiras, ao longo da cola e ao redor da cruz e manchas brancas nos belfos, de ahí a nomenclatura “**signatus**” que significa marcado.

A mortalidade dos lobetos é aproximadamente do 50%

Estatus de conservación

Segundo a UICN, o lobo ibérico está catalogado como especie **Case Ameazada (NT)**. Sitúase nesta categoría porque a poboación aumentou nos últimos 35 anos, estando constituída por uns 2000 individuos. Sen embargo, a poboación de Serra Morena está catalogada como especie **En Perigo Crítico (CR)**, xa que está potencialmente extinguida.

Aínda que os datos en cuestión de individuos parecen bos no lobo ibérico, o certo é que a poboación efectiva só supón un 11% da real. En outras palabras, estase a dar unha gran perda de variabilidade xenética, en moitos casos pola fragmentación do seu hábitat, polo que é imprescindible tomar medidas de conservación que eliminen estas barreiras reprodutivas e territoriais. É moi importante permitir o crecemento continuado das poboacións e permeabilizar as infraestruturas.

Papel ecolóxico

O papel ecolóxico máis importante é que se trata dun excelente regulador das poboacións herbívoras naturais pola súa condición depredadora.

Que utilidade teñen os lobos nos bosques?

- Control das poboacións de herbívoros:** o lobo, a través da relación depredador-presa, consegue controlar o número de presas permitindo que estean baixo uns niveis aceptables para o entorno natural.

Axente de selección natural : o lobo, indirectamente, coa súa actividade depredadora, ten a función de axente de selección natural porque normalmente dá caza ós individuos máis débiles, vellos ou enfermos do seu hábitat permitindo unha renovación deste último.

- Control das poboacións doutros depredadores:** isto débese a que os grandes depredadores ou superdepredadores manteñen a raia ós carnívoros de pequeno ou mediano tamaño e por iso, os herbívoros do ecosistema no que viven ditos superdepredadores poden prosperar adecuadamente.

Aumento da disponibilidad de prea: por outra parte aumenta a dispoñibilidade de alimento para os animais preeiros, debido a que pola súa acción predatoria, produce a morte de distintas presas das que se alimenta e coas que se alimentarán máis tarde os animais preeiros coma os voitres, corvos, coiotes.. ou ben animais que sen ser preeiros consomen prea cando teñen a ocasión, como poden ser os osos.

- Sanitario dos bosques:** polos seus hábitos alimenticios sábese que tamén aproveitan a dispoñibilidade da prea, cumprindo unha función saneadora nos bosques, impedindo a transmisión de enfermidades infecciosas co consumo dos cadáveres que pode haber dispersos polo bosque



Outra medida de conservación moi importante ten que ver co impacto do lobo ibérico na gandería e o desprestixio social que isto creou na especie. **A maior taxa de mortalidade é debida a factores humanos** que constitúen unha gran ameaza para as poboacións. É por isto que existe a **Estratexia Nacional para a conservación e xestión do lobo** aprobada polo Ministerio de Medio Ambiente e as Comunidades Autónomas. Este documento inclúe medidas como:

Compensación e prevención dos danos ocasionados.

No norte da Península, levase a cabo o control e caza do lobo para reducir os danos pero asegurando a persistencia das poboacións locais.

Ecoturismo con lobo ibérico.

No caso de Serra Morena, reducir totalmente o número de mortes ilegais.

Conservar o seu hábitat e evitar a fragmentación do mesmo.

Ameazas

Incluso en zonas protexidas e pouco humanizadas, a meirande parte da mortalidade do lobo ibérico débese a factores humanos. As principais ameazas ás que se afronta o lobo ibérico son debidas, directa ou indirectamente, á presenza do ser humano son as seguintes:

Persecución directa pola poboación: os lobos atacan de maneira habitual ao gando, sobre todo ao gando menor que pasta en réxime extensivo e pernoita no campo sen protección. Por exemplo, en España no ano 2003, o valor dos danos causados polo lobo ao gando alcanzaron uns 1,5 millóns de euros. A súa mala reputación no mundo rural fai que sexa perseguido de forma directa podendo provocar, eventualmente, a extinción de poboacións locais e constituíndo o principal problema para a súa conservación.

Envenenamentos e atropelos: son unha das principais causas de morte dos lobos ibéricos. Un estudo sinala que sobre o 70% dos lobos morren por atropelos nas estradas e sobre o 8% morren por envenenamentos.

Distribución

Na península ibérica quedan entre **900** (a finais do inverno, antes da época de cría) e **2700** (despois dos partos) exemplares de lobo ibérico concentrados especialmente no noroeste peninsular.


Segundo os datos máis recente atopamos un total de 278 mandas, as cales en moitas ocasións son compartidas por varias comunidades autónomas debido aos grandes desprazamentos que realizan. O maior número de mandas atopámolo en Castela e León cun total de 179, seguido en número por Galiza e Asturias. Tamén atopamos algunhas mandas en Cantabria, aínda que menos numerosas que nas anteriores comunidades e contabilizouse algunha en Casela-A Mancha e Madrid.




Mandas e censo de exemplares

O tamaño da manda depende da dispoñibilidade de presas e do seu tamaño: canto máis grandes sexan as presas máis grande será a manda. Cando a dieta está composta por grandes herbívoros, as mandas teñen un número grande de integrantes (de 10 a 20 ou máis), pero como en España as presas son de menor tamaño (coellos e corzos), as mandas son máis pequenas. Ademais, cando a manda é moi numerosa, disgregase e algúns dos membros sepáranse para formar o seu propio grupo.

Os censos de finais dos anos 80 establecen a existencia de 294 mandas en territorio español. Máis de 30 anos despois, entre 2012 e 2014 documéntanse 297 grupos familiares en España, 84 dos cales en Galicia (en 2015 descóbrese a existencia de 6 mandas máis).



Localización de mandas de lobo ibérico



MANDAS
● máis de 80
● 60-80
● 1-5